

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL E MARIÑO

7257 *Real decreto 487/2010, do 23 de abril, polo que se establecen as modalidades de aplicación da axuda á subministración de leite e produtos lácteos aos alumnos de centros escolares.*

O Regulamento (CE) n.º 1234/2007, do Consello, do 22 de outubro de 2007, polo que se crea unha organización común de mercados agrícolas e se establecen disposicións específicas para determinados produtos agrícolas, derroga o Regulamento (CE) n.º 1255/1999, do Consello, do 17 de maio de 1999, polo que se establece a organización común de mercados do sector do leite e dos produtos lácteos.

O mencionado Regulamento (CE) n.º 1234/2007, do Consello, do 22 de outubro, establece no artigo 102 a concesión dunha axuda comunitaria para a subministración de leite e de determinados produtos lácteos aos alumnos dos centros escolares.

O Regulamento (CE) n.º 657/2008, da Comisión, do 10 de xullo de 2008, polo que se establecen as disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 1234/2007, do Consello, no relativo á concesión dunha axuda comunitaria para a subministración de leite e determinados produtos lácteos aos alumnos de centros escolares, establece as bases para a concesión das citadas axudas e permite aos Estados membros determinar algúns aspectos nos seus ámbitos territoriais. Serán destinatarios das axudas os alumnos dos centros escolares que son os que figuran como beneficiarios no artigo 2 do Regulamento (CE) n.º 657/2008, da Comisión, do 10 de xullo, en aplicación do disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, que reserva o carácter de beneficiario ao receptor da axuda.

O citado regulamento foi modificado polo Regulamento (CE) n.º 966/2009, da Comisión, do 15 de outubro, para ampliar a gama de produtos lácteos susceptibles desta axuda.

O Real decreto 194/2002, do 15 de febreiro, polo que se establecen as modalidades de aplicación da axuda á subministración de leite e produtos lácteos aos alumnos de centros escolares, incorpora a regulamentación comunitaria derogada polo Regulamento (CE) n.º 1234/2007 do Consello, do 22 de outubro.

Na busca dunha maior claridade lexislativa, sen prexuízo da aplicabilidade directa dos regulamentos comunitarios, e dado que cómpre desenvolver o marco lexislativo daqueles puntos do Regulamento (CE) n.º 657/2008, da Comisión, do 10 de xullo, suxeitos a decisións do Estado membro, procede derrogar o citado real decreto e substituílo por un novo.

De acordo co anterior, e dado que o obxecto deste real decreto é a concesión dunha axuda financiada con cargo aos fondos da Unión Europea, en todo o non previsto neste real decreto a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, se aplicará con carácter supletorio.

O réxime de axudas previsto neste real decreto será de aplicación en todo o territorio nacional.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e os sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, coa aprobación previa da ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 23 de abril de 2010,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto establecer un réxime de axudas para a subministración de leite e de determinados produtos lácteos aos alumnos de centros escolares, de conformidade co previsto no Regulamento (CE) n.º 657/2008, da Comisión, do 10 de xullo, polo que se establecen as disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 1234/2007 do Consello, no relativo á concesión dunha axuda comunitaria para a subministración de leite e produtos lácteos aos alumnos de centros escolares. En particular, desenvolve aqueles aspectos recollidos no citado regulamento suxeitos a decisión do Estado membro.

Artigo 2. *Autoridade competente.*

Para os efectos deste real decreto, entenderase por autoridade competente os órganos competentes das comunidades autónomas onde se encontre o centro escolar beneficiario salvo no caso das autorizacións previstas no artigo 6, onde se entenderá por autoridade competente os órganos competentes das comunidades autónomas onde se encontre o centro escolar beneficiario ou onde radique a sede social do solicitante se se subministra a centros escolares situados en diferentes comunidades autónomas.

Artigo 3. *Destinatarios.*

1. Serán destinatarios da axuda os alumnos que asistan regularmente a un centro escolar que pertenza a unha das categorías seguintes: gardarías ou outros centros de educación infantil e educación primaria e educación secundaria, administrados ou recoñecidos pola autoridade competente.

2. As axudas serán outorgadas durante os días lectivos de desenvolvemento do curso escolar. O número de días lectivos, sen incluír os días de vacacións, será o establecido en cada comunidade autónoma pola autoridade competente para cada nivel de ensino e tipo de centro.

Os alumnos non serán destinatarios da axuda durante a súa estadía en colonias de vacacións con carácter extraescolar ou fóra do período lectivo, organizadas polo centro escolar ou pola autoridade educativa.

Artigo 4. *Importe da axuda.*

1. A axuda concederáse exclusivamente para os produtos recollidos no anexo I deste real decreto, que cumpran cos requisitos do Regulamento (CE) n.º 852/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, relativo á hixiene dos produtos alimenticios e do Regulamento (CE) n.º 853/2004, do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril, polo que se establecen normas específicas de hixiene dos alimentos de orixe animal e, en particular, os relativos á preparación nun establecemento autorizado e os requisitos de marcación de identificación especificados na sección I do anexo II do Regulamento (CE) n.º 853/2004, do 29 de abril.

2. A cantidade máxima global de axuda non poderá superar os 0,25 litros de equivalente de leite por alumno e día lectivo.

Para a aplicación desta cantidade máxima teranse en conta o número de días lectivos e o número de alumnos matriculados durante o período comprendido por unha solicitude de pagamento e tendo en conta o coeficiente mencionado no artigo 4, número 3, do Regulamento (CE) n.º 657/2008, da Comisión, do 10 de xullo, no caso de que as cantidades de produtos subministradas se expresen en litros.

3. O importe da axuda será o establecido para cada categoría de produto, no anexo II do Regulamento (CE) n.º 657/2008, da Comisión, do 10 de xullo.

4. Como medida destinada a garantir que o importe da axuda se repercute correctamente no prezo pagado polos destinatarios, antes do inicio do período correspondente ao curso escolar as autoridades competentes fixarán os prezos máximos que deberán pagar os destinatarios polas distintas categorías de produtos recollidos no anexo I deste real decreto que se distribúan no seu territorio.

5. Os prezos máximos establecidos conforme o número anterior serán remitidos ao Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA), antes do 1 de outubro de cada ano.

6. En aplicación do establecido no número 4 do artigo 5 do Regulamento (CE) n.º 657/2008, da Comisión, do 10 de xullo, o leite e os produtos lácteos utilizados na preparación de comidas non serán obxecto de axuda salvo que non requiran un tratamento térmico e a utilización se realice nas instalacións do centro escolar.

Artigo 5. *Solicitantes.*

1. A axuda poderá ser solicitada:

- a) Polo centro escolar.
- b) Por unha autoridade educativa que solicitará a axuda para os produtos distribuídos aos alumnos baixo a súa xurisdición.
- c) Por unha organización que actúe en nome dun ou máis centros escolares ou autoridades educativas e estea constituída especificamente para tal fin.
- d) Polo provedor dos produtos.

2. Será beneficiario da axuda, para efectos da aplicación da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, un solicitante autorizado conforme as disposicións do artigo 4 para a subministración dos produtos lácteos recollidos no anexo I deste real decreto.

Artigo 6. *Autorizacións.*

1. As solicitudes de autorización previstas no artigo 7 do Regulamento (CE) n.º 657/2008, da Comisión do 10 de xullo, presentaranse ante as autoridades competentes nos prazos, modelos e períodos de validez establecidos por elas.

2. A autoridade competente autorizará aqueles solicitantes que se comprometan a cumprir as condicións xerais de autorización detalladas no artigo 8 do Regulamento (CE) n.º 657/2008, da Comisión, do 10 de xullo.

3. A autoridade competente deberá manter un rexistro actualizado das autorizacións concedidas. Así mesmo, deberá notificar as autorizacións concedidas ao FEGA. Esta notificación recollerá polo menos os datos especificados no anexo II deste real decreto.

4. As autorizacións concedidas terán validez en todo o territorio nacional e publicaranse vía internet a través da páxina web do FEGA.

5. As autorizacións que sexan retiradas ou suspendidas como resultado da execución dos controis establecidos no Regulamento (CE) n.º 657/2008, da Comisión, do 10 de xullo, deberánse notificar ao FEGA o antes posible.

Artigo 7. *Solicitudes de pagamento.*

1. As solicitudes de pagamento presentaranse ante a autoridade competente, nos modelos, prazos e para os períodos de subministración, entre un e sete meses, establecidos por esa autoridade.

2. Como mínimo, as solicitudes de pagamento incluírán a seguinte información:

- a) As cantidades distribuídas por categoría e subcategoría de produto.
- b) O nome e o enderezo, ou un número de identificación único, do centro escolar ou a autoridade educativa a que se refire a información recollida no punto anterior.

3. Salvo en casos de forza maior, as solicitudes de pagamento, para seren válidas, deberán estar correctamente cubertas e presentarse, como máis tarde, o último día do terceiro mes seguinte ao termo do período obxecto de solicitude.

Artigo 8. *Condicións xerais para o pagamento da axuda.*

1. O importe da axuda será aboado polas autoridades competentes no prazo máximo de tres meses contados a partir do día de presentación da solicitude de pagamento correctamente cuberta.

2. Sen prexuízo do disposto no artigo 11, número 4, do Regulamento (CE) n.º 657/2008, da Comisión, do 10 de xullo, a axuda pagaráselles aos provedores ou ás organizacións mencionadas no artigo 5, letras c) e d), só cando se cumpran as seguintes condicións:

a) Presentación previa dun recibo das cantidades efectivamente subministradas aos destinatarios.

b) E, ademais, unha das seguintes opcións:

1.º Presentación dun informe de inspección favorable elaborado pola autoridade competente responsable do control do cumprimento das condicións recollidas nos artigos 6, 7, 8 e 9 do Regulamento (CE) n.º 657/2008, da Comisión, do 10 de xullo.

2.º Presentación previa dunha proba alternativa do pagamento, que definirá a autoridade competente, das cantidades subministradas para os fins deste real decreto.

3. As autoridades competentes poderanlle aboar ao solicitante un anticipo por un importe equivalente ao da axuda solicitada, logo de constitución dunha garantía igual ao 110 por cento do importe do anticipo.

Artigo 9. *Controis.*

O FEGA, en coordinación coas autoridades competentes das comunidades autónomas, establecerá un Plan Nacional de Controis con todos os mecanismos necesarios para velar polo cumprimento deste real decreto e do Regulamento (CE) n.º 657/2008 da Comisión, do 10 de xullo.

Artigo 10. *Irregularidades e infraccións.*

1. En caso de irregularidades e infraccións detectadas polas autoridades competentes aplicarase o establecido nos números 1, 2, 3, 4 e 8 do artigo 73 do Regulamento (CE) n.º 796/2004 da Comisión, do 21 de abril, polo que se establecen disposicións para a aplicación da condicionalidade, da modulación e do sistema integrado de xestión e control previstos en disposicións comúns aplicables aos réximes de axuda directa no marco da política agrícola común e se instauran determinados réximes de axuda aos agricultores.

2. Sen prexuízo do establecido no artigo 10 do Regulamento (CE) n.º 657/2008, da Comisión, do 10 de xullo, e conforme o disposto no número 10 do artigo 15 do citado regulamento, en caso de fraudes, o solicitante, ademais da devolución dos importes indebidos conforme a aplicación do número anterior, pagará un importe equivalente á diferenza entre o importe pagado inicialmente e o importe ao cal o solicitante ten dereito.

3. En todo caso, as actuacións ateranse ao disposto pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, especialmente no seu título II «Do reintegro de subvencións», artigos 36, 37, e 40.1.

4. Unha vez detectadas irregularidades por parte das autoridades competentes, estas remitirán ao FEGA unha copia dos informes de control que inclúan as decisións adoptadas.

Artigo 11. *Deber de colaboración e comunicación.*

En aplicación do artigo 17 do Regulamento (CE) n.º 657/2008 da Comisión, do 10 de xullo, e para efectos de poder comunicar á Comisión Europea os datos previstos, a autoridade competente remitirá ao FEGA, sen prexuízo da forma e do contido que a Comisión Europea defina para estas comunicacións, como mínimo:

1. Antes do 31 de outubro seguinte ao final do período comprendido entre o 1 de agosto e o 31 de xullo, un resumo detallado do número de solicitantes e centros escolares participantes, dos controis sobre o terreo realizados e dos resultados destes.

2. Antes do 31 de decembro de cada ano:

a) As cantidades de leite e produtos lácteos, desagregados por categorías e subcategorías, polas cales se pagase a axuda durante o período anterior comprendido

entre o 1 de agosto e o 31 de xullo, así como a cantidade máxima subvencionable e o seu cálculo;

b) O número estimado de alumnos a que se destinase a distribución de leite e produtos lácteos nos centros escolares.

Artigo 12. *Publicidade sobre a distribución europea de leite nos centros escolares.*

Os centros escolares que distribúan produtos de conformidade con este real decreto deberán elaborar un cartel que se axuste aos requisitos mínimos establecidos no anexo III do Regulamento (CE) n.º 657/2008, da Comisión, do 10 de xullo, e que estará exposto permanentemente na entrada principal do centro, nun lugar onde se poida ver e ler claramente.

Disposición transitoria única.

As autorizacións concedidas en virtude do Real decreto 194/2002, do 15 de febreiro, polo que se establecen as modalidades de aplicación da axuda á subministración de leite e produtos lácteos aos alumnos de centros escolares seguirán sendo válidas ata esgotar o prazo de autorización establecido pola autoridade competente. Porén, a comunidade autónoma onde teñan a súa sede social os solicitantes deberá regularizar esta situación e comunicarlle ao FEAGA, no prazo de tres meses, os datos e o código de autorización do solicitante a que se refire o anexo II deste real decreto que, unha vez publicados na web, serán os únicos válidos para efectos deste real decreto.

Disposición derogatoria única.

Queda derogado o Real decreto 194/2002, do 15 de febreiro, polo que se establecen as modalidades de aplicación da axuda á subministración de leite e produtos lácteos aos alumnos de centros escolares.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.ª da Constitución, que reserva ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Normativa aplicable.*

En todo o non previsto neste real decreto será de aplicación a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e o seu regulamento, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.

Disposición derradeira terceira. *Facultade de desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño para modificar o contido dos anexos para a súa adaptación á normativa comunitaria, así como para modificar as datas e os prazos establecidos nesta norma.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 23 de abril de 2010.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Medio Ambiente,
e Medio Rural e Mariño,
ELENA ESPINOSA MANGANA

ANEXO I

Lista de produtos que se poden beneficiar da axuda comunitaria

Categoría I.

- a) Leite tratado termicamente.
- b) Leite tratado termicamente con chocolate, zumes de froitas ou aromatizado que conteña, polo menos, un 90 por cento en peso do leite indicado na letra a) e cun máximo dun 7 por cento de azucre engadido ou mel engadido.
- c) Produtos lácteos fermentados con ou sen zumes de froitas, aromatizados ou non, que conteñan, polo menos, un 90 por cento en peso do leite indicado na letra a) e cun máximo dun 7 por cento de azucre engadido e/ou mel engadido.

Categoría II.

Produtos lácteos fermentados ou non, aromatizados ou non, con froitas, que conteñan polo menos un 75 por cento en peso do leite incluído na categoría I, letra a) e cun máximo dun 7 por cento de azucre engadido e/ou mel engadido.

Categoría III.

Queixos frescos e transformados que conteñan un máximo do 10 por cento de ingredientes non lácteos.

Categoría V.

Queixos que conteñan un máximo do 10 por cento de ingredientes non lácteos e que non están incluídos na categoría III.

ANEXO II

Datos do rexistro de solicitantes autorizados

NIF	Nome ou razón social.
Código de autorización.	Comunidade autónoma que autoriza
Data de autorización	Data de caducidade da autorización
Estado de autorización*	
Data de suspensión	Meses de suspensión
Data de retirada	

* Os estados de autorización serán:

- a. Alta.
- b. Autorización caducada.
- c. Autorización suspendida.
- d. Autorización retirada.